

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da case botoulle unha ollada ó retrato.

Os “americanos” xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por el un grande amor e canto máis se achegaba ó “americano” máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai!, o “americano” pasou de largo sen mirar para ningún, e Migueliño deixou de querele.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz dececiase por bicalo a faltar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o “americano” pasou de largo e nin tan siquera reparou que o seguían os ollos anguriados dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía nada ó retrato; un home moi fraco, melido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho; cos ollos encoveirados, lusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

CAS TELAO, *Cousas*

Unha rúa nun porto lonxano do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de tódalas castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse, camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntais.

O mariñeiro que fala francés e mailo mariñeiro que fala inglés entran unha taberna servida por un home gordo. Queren perde-lo sentido xuntos para seren máis amigos. Quen sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo, comeza a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Mancela.*

O mariñeiro que fala francés arregala os ollos, abrázase ó compañeiro e comeza tamén a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Mancela.*

A-iu-hu-hú! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un flamengo de caste, veu saí-los dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana vermella escorregan as bágoas. E despois dixo para si nun laído saudoso:

Lanchiña que vas en vela!

Tamén o taberneiro era galego.

CASTELÁN, Cousas